



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Servicios Técnicos Área de Obras

Convocatoria para o pago e levantamento das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de regularización viaria na travesía de Oseiro

EXPEDIENTE: 2026/U040/000001

Pago importe expropiación e levantamento de actas de ocupación no Concello de Arteixo.

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, a Xunta de Goberno Local do Concello de Arteixo, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de xullo de 2026, acordou convocar aos titulares dos bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación incoado para levar a cabo as obras de “regularización viaria na Travesía de Osiero”. O devandito acto terá lugar o día **11 de setembro de 2026, no Departamento de Obras do Concello de Arteixo, Travesía de Arteixo, 249 – 3º Andar**, convocándose aos titulares co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida pola ocupación dos bens e dereitos afectados, na hora que se indican a continuación:

Nº	Ref. Catastral	Titular catastral	Hora
1	1664530NH4916S0001FG	Miguez Souto Antonio,	9:30 h.
		Miguez Garcia Nicolas,	
		Miguez Garcia Paula Maria	
3	1664533NH4916S0001KG	Miguez Souto Jose Maria	10:00 h
2	1664532NH4916S00010G	Miguez Souto Santiago,	
4	1664534NH4916S0001RG	Miguez Souto Santiago	

O pagamento efectuarase polo Pagador deste Concello aos propietarios das fincas.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que o pagamento farase precisamente aos que figuren como donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberán identificarse co Documento Nacional de Identidade.

Así mesmo comunícaselle que deberán comparecer ao acto xuntando as escrituras de propiedade das fincas.

No suposto de non comparecer ou non poderse efectuar o pagamento ós titulares, procederase á consignación do importe na Caixa Xeral de Depósitos.

Coincidindo co acto de pagamento, procederase ao levantamento da acta de ocupación correspondente.

O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo.

O ALCALDE,

Arteixo, 7 de xullo de 2026

Asdo. José Antonio Calvelo Añón. Concelleiro de Medio Urbano e Medio Rural.

Por delegación, Decreto 1243/2025 de 8 de maio de 2025